

Debe dicir:

Área Sanitaria Ferrol

Cód. praza	Centro	Quenda	Prazas
678215	Pontedeume-Cabanas-Monfero	T	1

Na páxina 314:

Onde di:

XAP Santiago de Compostela

Cód. praza	Centro	Quenda
679095	Arzúa	M
679167	Lousame	M
679835	Mazaricos-A Baña	M
679267	Melide	M
679187	Negreira	M
679188	Noia	M
679226	Rois	M
679250	Val do Dubra	M

Debe dicir:

XAP Santiago de Compostela

Cód. praza	Centro	Quenda
679095	Arzúa-Boimorto	M
679167	Lousame-Noia-Outes	M
679835	Mazaricos-A Baña-Carnota	M
679267	Melide-Toques-Santiso	M
679187	Negreira-A Baña	M
679188	Noia-Lousame	M
679226	Rois-Dodro	M
679250	Val do Dubra- Trazo-Tordoia	M

Resolución do 21 de decembro de 2007, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo da Coruña, pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión de dous postos de condutor de instalacións deste complexo hospitalario.

De conformidade co establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 46/2006, do 23 de febreiro (DOG nº 56, do 21 de marzo), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e a Orde do 8 de maio de 2006 (DOG nº 99, do 25 de maio), sobre delegación de competencias en

órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVO:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo procedemento de concurso de méritos, dous postos de traballo de condutor de instalacións no H. Materno Infantil, do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo, segundo se especifica no anexo desta resolución.

Segundo.-As retribucións do posto ofertado serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no Rexistro do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo, sito no Hospital Juan Canalejo, As Xubias de Arriba nº 84, 15006 A Coruña ou a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de trinta días naturais contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-As bases íntegras da convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios do Complexo Hospitalario Juan Canalejo así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

A Coruña, 21 de decembro de 2007.

José M. García Buitrón
Director xerente do Complexo Hospitalario
Universitario Juan Canalejo da Coruña

ANEXO

Denominación do posto: condutor de instalacións do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo da Coruña.

Grupo de clasificación: D.

Nº de vacantes: 2.

Resolución do 21 de decembro de 2007, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo da Coruña, pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión do posto de coordinador de técnicos especialistas deste complexo hospitalario.

De conformidade co establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de

xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 46/2006, do 23 de febreiro (DOG nº 56, do 21 de marzo), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e pola Orde do 8 de maio de 2006 (DOG nº 99, do 25 de maio), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVO:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo procedemento de concurso de méritos, o posto de traballo de coordinador de técnicos especialistas do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo da Coruña, segundo se especifica no anexo desta resolución.

Segundo.-As retribucións do posto ofertado serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse, no Rexistro do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo da Coruña, sito no Hospital Juan Canalejo, As Xubias de Arriba nº 84, 15006 A Coruña ou a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de trinta días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-As bases íntegras da convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

A Coruña, 21 de decembro de 2007.

José M. García Buitrón
Director xerente do Complexo Hospitalario
Universitario Juan Canalejo da Coruña

ANEXO

Denominación do posto: coordinador/a de técnicos especialistas do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo da Coruña.

Grupo de clasificación: C.

Nº de vacantes: 1.

Resolución do 21 de decembro de 2007, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo da Coruña, pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión do posto de coordinador de auxiliares de enfermaría deste complexo hospitalario.

De conformidade co establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 46/2006, do 23 de febreiro (DOG nº 56, do 21 de marzo), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e a Orde do 8 de maio de 2006 (DOG nº 99, do 25 de maio), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVO:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo procedemento de concurso de méritos, o posto de traballo de coordinador de auxiliares de enfermaría do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo da Coruña, segundo se especifica no anexo desta resolución.

Segundo.-As retribucións do posto ofertado serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse, no Rexistro do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo da Coruña, sito no Hospital Juan Canalejo da Coruña, As Xubias de Arriba nº 84, 15006 A Coruña ou a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de trinta días naturais, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-As bases íntegras da convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo da Coruña así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

A Coruña, 21 de decembro de 2007.

José M. García Buitrón
Director xerente do Complexo Hospitalario
Universitario Juan Canalejo da Coruña

ANEXO

Denominación do posto: coordinador/a de auxiliares de enfermaría do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo da Coruña.

Grupo de clasificación: D.

Nº de vacantes: 1.